



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 23 DE AGOSTO DE 2017.-

Na Casa Consistorial do Concello de Padrón, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e tres de agosto de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do alcalde en funcións, José Ramón Pardo Andrade, e a asistencia dos concelleiros relacionados, reúnese a Xunta de Goberno Local, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIONS

José Ramón Pardo Andrade.(Decreto Alcalde 555/2017, do 4 de agosto)

CONCELLEIROS

Lorena Couso Dopazo.

Ángel Rodríguez Conde.

Francisco Javier Guillán Iglesias.

Escusan a súa ausencia:

Antonio Fernández Angueira.

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés, secretario acumulado da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia, deseguido procedeuse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 10 DE AGOSTO DE 2017

Remitida ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o dez de agosto de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

As licenzas urbanísticas outórganse nas condicións que figuran no informe do técnico municipal, sen prexuízo de terceiros, deixando a salvo o dereito de propiedade, co apercibimento de que as obras deberán axustarse á licenza ou seranlle de aplicación as sancións previstas na Lei do solo de Galicia, que lle afectan ao promotor, ao propietario dos terreos ou empresario e aos técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

As licenzas concédense con independencia doutro tipo de autorizacións administrativas que fosen procedentes. O prazo de iniciación non poderá exceder de tres meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

A Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA** o seguinte, en relación coa concesión das seguintes licenzas urbanísticas:

2.1ASUNTO: LICENZA AUTORIZACION ESTADA

EXPEDIENTE: 2017/G006/000257

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de agosto de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

I.-ANTECEDENTES:

1. O 07.06.2017 Jesús Manuel Lema Santos, achegou solicitude por R.X.E do Excmo. Concello de Padrón nº2017000004768 para levar a cabo a montaxe, instalación e desmontado dunha estada, actuando en calidade de contratista da obra emprazada na Rúa Herreros 3, na que figura coma promotor dona Ángeles Barros García.
2. Conta con título habilitante de natureza urbanística de comunicación previa para as obras de reparación de tellado e lavado e pintado de fachadas, expediente nº168/2016/ITP, mediante acordo adoptado en Xunta de Goberno Local celebrada o día 06.04.2017.
3. Achégase xunto coa solicitude o informe técnico para a instalación de estada redactado polo arquitecto técnico Julio Jorge Durán, colexiado nº2599 do COAATIE de A Coruña.
4. En data 07.07.2017 achégase documentación complementaria por rexistro telemático do Excmo.
5. Concello de Padrón con nº20179990000080, integrada por Anexo I ó informe para instalación de estada.un estada
6. Os servizos municipais emitiron o preceptivo informe técnico, tal e como consta no expediente.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os artigos 9 a 19 do Regunha estadaulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro.
- O artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Ordenanza Xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Padrón

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO. A instalación de estadas ven regulada pola Ordenanza Xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Padrón, no seu Título II.- Das actividades e ocupacións de vía pública, Sección 2ª, pola que ao tratarse dunha estada que supón a utilización e ocupación do dominio público deberá contar para a súa instalación coa obtención da perceptiva licenza municipal.

SEGUNDO. De acordo coa documentación presentada preténdese a ocupación da vía pública en todo o perímetro da edificación, con fronte a tres rúas, nunha superficie total de 23,53 m2, segundo se recolle na memoria e na documentación documentación gráfica, e con unha altura total no punto mais alto de 14,11 m. na parta mais alta.

TERCEIRO. Conforme se indica na memoria da documentación técnica achegada, estímase a ocupación da vía pública nun prazo estimado de 1 mes

CUARTO. A modo de motivación do acordo de referencia, reproducése aquí parte do contido do informe do técnico municipal:

Cuarto. Procede a necesidade de depósito de fianza ou aval, previo o outorgamento da licenza municipal, coa finalidade de responder da boa execución das obras/traballos en previsión da afección ou danos ocasionado pola ocupación do dominio público e servizos públicos que se poidan ver afectados pola cantidade de 350,00 €.

Quinto. A documentación presentada da cumprimento ó establecido na Ordenanza Xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Padrón, polo que procede **informar favorablemente** a instalación da estada cos seguintes parámetros extraídos da documentación presentada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de núcleo antigo (URNA).
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Montaxe, instalación e desmontado de andamio, para a execución de obras con licenza de obras outorgada a dona Ángeles Barros García (nº168/2016/ITP).
- c) Superficie ocupada pola estada: 23,53 m² entre a Rúa Herreros 3 e os caleixóns laterais os que da fronte a edificación.
- d) Altura: 14,11 m.
- e) Tempo da ocupación: 1 mes.
- f) Situación e emprazamento das obras: Rúa Herreros 3, Padrón.
- g) Nome ou razón social do solicitante: don Jesús Manuel Lema Santos.
- h) Nome ou razón social do promotor: dona Ángeles Barros García (nº168/2016/ITP).
- i) Autor do plan de montaxe, utilización e desmontado de estada tubular: don Julio Jorge Durán, Colexiado nº2599 do COATIE de A Coruña.

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local desta Entidade, ACÓRDASE por unanimidade dos membros presentes:

PRIMEIRO.- Outorgar, a autorización para o uso de dominio público con estadas de acordo coas consideracións que a continuación se sinalan:

Número de expediente de orixe: 168/2016/ITP
Nome ou razón social do solicitante: Jesús Manuel Lema Santos
Nome ou razón social do promotor: Ángeles Barros García (nº168/2016/ITP).
Técnico autor do proxecto e Director das obras: Julio Jorge Durán
Situación ou emprazamento das obras: Rúa herreros n.º 3 Padrón
Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Montaxe, instalación e desmontado de andamio, para a execución de obras con licenza de obras outorgada a dona Ángeles Barros García (nº168/2016/ITP).
Superficie ocupada pola estada: 23,53 m² entre a Rúa Herreros 3 e os caleixóns laterais os que da fronte a edificación.
Altura: 14,11 m.
Tempo da ocupación: 1 mes.

Outras consideracións:

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de plan vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no Plan/estudo de seguridade.

No curso de execución das obras adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal. A estes efectos, a notificación do acordo de concesión de licenza considérase a licenza.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de agosto de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.

3.- CONTRATACIÓNS

3.1 ASUNTO: XESTIÓN DA CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL E AUDITORIO DO CONCELLO DE PADRÓN

EXPEDIENTE: 2017/C001/000002

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Quedou acreditada a necesidade municipal que por persoa física ou xurídica externa e capacitada realice o contrato de XESTIÓN DA CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL E AUDITORIO DO CONCELLO DE PADRÓN debido á insuficiencia de medios persoais e materiais para a súa realización e a conveniencia de non ampliación deses medios persoais e materiais por parte desta Administración.

SEGUNDO. Foi emitido informe, acerca da idoneidade do contrato

TERCEIRO. Foi emitido Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a adquisición en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

CUARTO. Foi emitido Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é esta Alcaldía.

QUINTO. Por resolución de alcaldía aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada.

SEXTO. Foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Condicións que deben rexer a adxudicación.

SÉTIMO. Con data, o Interventor realizou a retención de crédito oportuna e emitiu informe de fiscalización do expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).
- O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Para a prestación dos citados servizos faise preciso a adxudicación dun contrato de XESTIÓN DÁ CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL E AUDITORIO DO CONCELLO DE PADRÓN, pois en virtude ao disposto no artigo 22 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, os entes, organismos e entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

SEGUNDA. Os fins institucionais son os reflectidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TERCEIRA. O expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación, de acordo co previsto na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

De conformidade co que preceptúan os artigos 21.1.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.n) da Lei de administración local de Galicia, e a disposición adicional II do TRLCSP, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, XESTIÓN DÁ CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL E AUDITORIO DO CONCELLO DE PADRÓN

SEGUNDO. Autorizar o gasto que para este Concello representa a adquisición, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2017.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Condicións que rexerán a contratación e publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CUARTO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que os interesados poidan presentar as oposicións que estimen pertinentes.

3.2 ASUNTO: NOMEAMENTO COORDINADORA SEGURIDADE E SAUDE CONTRATO DE OBRA PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DE IMPULSION DE AUGAS DE SANEAMENTO EN CARCACÍA, EXPTE. 02/2017-OB-PA
EXPEDIENTE: 2017/G006/000256

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O dez de agosto de dous mil dezasete, a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria, aprobou a moción de urxencia pola que se adxudicou o contrato da obra "Proxecto modificado nº2 de impulsión de augas de saneamento en Carcacía", Expdte. 02/2017-OB-PA.

Segundo. No punto sétimo nomeouse ao director facultativo e ao coordinador de seguridade e saúde ao enxeñeiro de telecomunicacións a don Javier García Méndez, de AKSIM Proyectos de Ingeniería SL, con número de Colexiado 10.338.

Terceiro. O director facultativo, D. Carlos Antelo Martínez, informa con posterioridade á adxudicación do contrato, que o coordinador de seguridade e saúde non poderá facerse cargo do traballo, e o dezaseis de agosto comunica os datos da persoa que se fará cargo das tarefas de coordinación de seguridade e saúde, D^a. Isabel Rivera Rivadas, con DNI 44815767Z.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local polo artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

A Xunta de Goberno local ACORDA por unanimidade dos membros presentes:

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de agosto de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Primeiro. Deixar sen efecto o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde do enxeñeiro de telecomunicacións a Javier García Méndez, de AKSIM Proyectos de Ingeniería SL, con número de Colexiado 10.338 e **Nomear coordinadora da seguridade e saúde a Isabel, Ribera Rivadas, Arquitecta Técnica con número de Colexiada 2668.**

Segundo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

4.- SOLICITUDES DE RENOVACIÓN DE TARJETAS DE ESTACIONAMIENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTÓRICA

4.1 ASUNTO: SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMIENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTÓRICA A FAVOR DE DON MANUEL VÁZQUEZ ARES
EXPEDIENTE: 2017/G006/000250

Antecedentes administrativos.

Primeiro.- Con data 4 de agosto de 2017, número de rexistro de entrada 6488, por Don Manuel Vázquez Ares, solicítase a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica nº 07/2012 expedida por este Concello.

Segundo.- En data 7 de agosto de 2017 emítese pola Traballadora Social, co visto e prace do Concelleiro de servizos sociais, informe xustificativo das dificultades graves de mobilidade, en aplicación dos baremos específicos, da solicitante.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro. Vistos os criterios para a concesión da tarxeta municipal de estacionamento para persoas con discapacidade motórica, aprobados pola Comisión de Goberno deste Concello en data 6 de xullo de 1998.

Segundo. Visto o informe emitido pola traballadora social, co visto e prace do Concelleiro de servizos sociais, de data 7 de agosto de 2017, e sobre a base dos argumentos neles recollidos que son asumidos por esta proposta como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local segundo consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

A Xunta de Goberno local **ACORDA por unanimidade dos membros presentes:**

Primeiro. Conceder a Don Manuel Vázquez Ares a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica nº 07/2012, válida por cinco anos, que poderá ser renovada pasado este período de tempo.

Segundo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.

4.2 ASUNTO: SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTÓRICA A FAVOR DE DON EDUARDO BARRIO CALVIÑO EXPEDIENTE: 2017/G006/000249

Antecedentes administrativos.

Primeiro.- Con data 4 de agosto de 2017, número de rexistro de entrada 6489, por Don Eduardo Barrio Calviño, solicítase a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica nº 06/2014 expedida por este Concello.

Segundo.- En data 7 de agosto de 2017 emítese pola Traballadora Social, co visto e praxe do Concelleiro de servizos sociais, informe xustificativo das dificultades graves de mobilidade, en aplicación dos baremos específicos, da solicitante.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro. Vistos os criterios para a concesión da tarxeta municipal de estacionamento para persoas con discapacidade motórica, aprobados pola Comisión de Goberno deste Concello en data 6 de xullo de 1998.

Segundo. Visto o informe emitido pola traballadora social, co visto e praxe do Concelleiro de servizos sociais, de data 7 de agosto de 2017, e sobre a base dos argumentos neles recollidos que son asumidos por esta proposta como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local segundo consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

A Xunta de Goberno local **ACORDA por unanimidade dos membros presentes:**

PRIMEIRO. Conceder a Don Eduardo Barrio Calviño a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica nº 06/2014, válida por cinco anos, que poderá ser renovada pasado este período de tempo.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

TERCEIRO. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1 ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de agosto de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

EXPEDIENTE: 2017/G006/000252**Antecedentes Administrativos:**

Primeiro: Considerando que por providencia da Alcaldía de data 18 de agosto do 2017 ordenouse á Intervención Municipal a emisión de informe sobre as facturas e gastos que se relacionan na mesma con carácter previo á súa aprobación.

Segundo: Visto o informe da Intervención Municipal do 18 de agosto do 2017.

Fundamentos de Dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

A Xunta de Goberno local **ACORDA por unanimidade dos membros presentes:**

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes facturas e gastos e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo ás aplicacións do orzamento vixente para o 2017 e polos importes que a continuación se indican:

Nº DE FACTURA	PROVEDOR E CONCEPTO	PARTIDA	I. BRUTO	I. LÍQUIDO
Ven/2017/0054	AGF Solucións S.L., montaxe de son para festa do Santiaguíño	338-22617	302,50 €	302,50 €
8/2017	Agrupación folklórica Cultural O Pedrón, actuación festa do Santiaguíño	338-22617	900,00 €	900,00 €
17 300	Ambulancias do Nordés S.L., soporte ambulancia festa do Santiaguíño	335-22617	250,00 €	250,00 €
2/2017	Asociación Cultural Airiños do Meda, actuación festa do Santiaguíño	338-22617	500,00 €	500,00 €
2	Asociación Cultural Longarela, actuación festa do Santiaguíño	338-22617	500,00 €	500,00 €
06/17	Asociación Cultural Rosalía de Castro, actuación Ruta Xacobeia Mar de Arousa	334-22615	300,00 €	300,00 €
08/17	Asociación Cultural Rosalía de Castro, actuación festa do Santiaguíño	338-22617	500,00 €	500,00 €
07/17	Asociación Cultural Rosalía de Castro, actuación festa do Santiaguíño	338-22617	500,00 €	500,00 €
185/2017	Asociación Cultural Tres por Cuatro, actuación festa do Santiaguíño	338-22617	300,00 €	300,00 €
01/2017	Asociación Xoldra Folclore Tradicional, actuación grupos festa do Santiaguíño	338-22617	1.000,00 €	1.000,00 €
17-C-045	Augas de Galicia, convenio colaboración abastecemento auga mes xuño	161-22101	20.661,14 €	20.661,14 €
7/2017	Beatriz García Cibreiro, formación en comunicación mes xuño voluntariado	2311-22614	1.035,48 €	963,00 €
FE-612	Bersan Automoción S.L., reparación efectuada vehículo E4790JL	132-21400	16,98 €	16,98 €
2	Brisas do Río Ulla de Catoira, actuación festa do Santiaguíño	338-22617	400,00 €	400,00 €
A/170376	Bustelo Viajes Rois S.L., servizo de autocar con Banda de Música a Santiago	912-22699	264,00 €	264,00 €
A/170380	Bustelo Viajes Rois S.L., servizo de microbuses para festa do Santiaguíño	338-22617	330,00 €	330,00 €
61	C&D diseño e publicidade Deza S.L., chalecos reflectantes serigrafiados	432-22699	3.025,00 €	3.025,00 €
20455	Citylift S.A., mantemento ascensor mes de agosto C. Médico	312-21200	168,19 €	168,19 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
 CIF P1506600D
 Rúa Longa, 27
 15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
 Tfl: 981 81 04 51
 Fax: 981 81 15 50

20412	Citylift S.A., mantemento ascensor mes de agosto Servizos Sociais	2311-21200	93,47 €	93,47 €
972017	Coral Polifónica Padronesa, actuación festa do Santiaguíño	338-22617	265,00 €	265,00 €
317/2017	Culturactiva Soc. Coop. Galega, realización espectáculo rede cultural 2017	3347-22614	847,00 €	847,00 €
208-1-07/49	Distribucións Froiz S.A.U., augas subministradas festa Santiaguíño	338-22617	5,95 €	5,95 €
208-1-07/52	Distribucións Froiz S.A.U., augas subministradas festa Santiaguíño	338-22617	11,90 €	11,90 €
PD 5982	Espina y Delfín S.L., reaxuste de factura emitidas	161-22706	383,47 €	383,47 €
39/17	Francisco M. Cerdeira Castiñeiras, equipo de son para actuación	334-22615	242,00 €	212,00 €
1221	Héctor Bermúdez Touceda, Radio Valga, publicidade festa do Santiaguíño	338-22617	363,00 €	363,00 €
1220	Héctor Bermúdez Touceda, Radio Valga, publicidade feira medieval	338-22605	181,50 €	181,50 €
17/023	Hicofer S.L., aluguer nave GES mes de agosto	135-22616	1.573,00 €	1.326,00 €
A/120	Insafer Instalacións eléctricas S.C., reparacións alumado público	165-21000	1.505,74 €	1.505,74 €
542	Joyería Jorge Cortiñas, detalles subministrados para derbi asnal	338-22617	83,49 €	83,49 €
P17 008161	La Voz de Galicia S.A., publicación sobre a Casa Museo de Rosalía	334-22699	1.210,00 €	1.210,00 €
A252	Logística, gestión y servizos para eventos S.L., cabinas W.C. Festa Santiaguíño	338-22617	457,38 €	457,38 €
20	Musicarte Rey Saavedra S.C., actuación grupo The Cerne rede cultural	334-22614	2.450,00 €	2.450,00 €
A/170672	Ofimática Arosa S.L., sillas subministradas para policía local	132-22699	367,84 €	367,84 €
2017 00124	Pirotecnia López S.L., fogos festas do Santiaguíño	338-22617	740,00 €	740,00 €
A/224	Portal Literario 2020 S.L., publicidade revista	432-22699	423,50 €	423,50 €
A 108	Recursos Galicia S.L., impartición curso de voluntariado formación ambiental	2311-22614	1.300,00 €	1.300,00 €
B 69	Redrum Produccións S.L., representación obra programa Cultura no Camiño	334-22615	1.095,99 €	1.095,99 €
000793-17	Reygar Fontanería y calefacción S.L.U., reparacións de fontanería plaza abastos	4312-21200	278,30 €	278,30 €
000798-17	Reygar Fontanería y calefacción S.L.U., reparacións de fontanería fonte lágrimas	1714-21000	744,15 €	744,15 €
17-50	Segade Saelco S.A., traballos realizados	165-21000	2.044,90 €	2.044,90 €
R170127	Servizos Gallegos de Lacería S.L., servizos realizados	920-22699	363,00 €	363,00 €
60-G798-414316	Telefónica de España S.A.U., facturación teléfonos	920-22200	1.837,95 €	1.837,95 €
2017.8050A/0951	Universidade de Santiago de Compostela, depuración e actualización padrón lixo	163-22706	3.630,00 €	3.630,00 €
644	Vázquez S.C. Infantilandia, parque lúdico educativo festa do Santiaguíño	338-22617	1.320,00 €	1.320,00 €
6003640	Vesta Supplies S.L., produto subministrado	454-21000	266,59 €	266,59 €
20	Wecom Consultora de Comunicación y Relaciones Públicas S.L., difusión redes sociais Feira Medieval	338-22605	544,50 €	544,50 €
18	Wecom Consultora de Comunicación y Relaciones Públicas S.L., mochilas promocionais festa do Santiaguíño	338-22617	1.028,50 €	1.028,50 €
	TOTAL		56.611,41 €	56.261,93 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.2 ASUNTO: ORDENACIÓN DE PAGOS Nº 15/2017.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de agosto de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

EXPEDIENTE: 2017/G006/000253**Antecedentes administrativos:**

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía de data 17 de agosto do 2017 ordenouse á Intervención Municipal a emisión de informe sobre as facturas e gastos propostas para a súa ordenación de pago na relación nº 15/2017.

Segundo: O dito informe emitiuse en data 17 de agosto do 2017.

Terceiro: Considerando que as facturas propostas para a súa ordenación de pago na relación nº 15/2017 están propostas para ser aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local a celebrar o vindeiro 24 de agosto de 2017.

Fundamentos de Dereito.

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

A Xunta de Goberno local ACORDA por unanimidade dos membros presentes:

Primeiro: Ordena-lo pago da seguinte relación de facturas e gastos proposta, que comeza por AGF Solucións S.L., por importe bruto e líquido de 302,50 € e remata en Wecom Consultora de Comunicación y Relaciones Públicas S.L., por importe bruto e líquido de 1.028,50 €, sendo o importe total bruto de 56.611,41 € e líquido de 56.261,93 €.

Nº DE FACTURA	PROVEDOR E CONCEPTO	I. BRUTO	I. LIQUIDO	DATA APROBACIÓN
VEN/2017/0054	AGF SOLUCIÓNS S.L.	302,50 €	302,50 €	24/08/2017
8/2017	AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA CULTURAL O PEDRÓN	900,00 €	900,00 €	24/08/2017
17 300	AMBULANCIAS DO NORDÉS S.L.	250,00 €	250,00 €	24/08/2017
2/2017	ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DO MEDA	500,00 €	500,00 €	24/08/2017
2	ASOCIACIÓN CULTURAL LONGARELA	500,00 €	500,00 €	24/08/2017
06/17	ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO	300,00 €	300,00 €	24/08/2017
08/17	ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO	500,00 €	500,00 €	24/08/2017
07/17	ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO	500,00 €	500,00 €	24/08/2017
185/2017	ASOCIACIÓN CULTURAL TRES POR CUATRO	300,00 €	300,00 €	24/08/2017
01/2017	ASOCIACIÓN XOLDRA FOLCLORE TRADICIONAL	1.000,00 €	1.000,00 €	24/08/2017
17-C-045	AUGAS DE GALICIA	20.661,14 €	20.661,14 €	24/08/2017
7/2017	BEATRIZ GARCÍA CIBREIRO	1.035,48 €	963,00 €	24/08/2017
FE-612	BERSAN AUTOMOCIÓN S.L.	16,98 €	16,98 €	24/08/2017
2	BRISAS DO RÍO ULLA DE CATOIRA	400,00 €	400,00 €	24/08/2017
A/170376	BUSTELO VIAJES ROIS S.L.	264,00 €	264,00 €	24/08/2017
A/170380	BUSTELO VIAJES ROIS S.L.	330,00 €	330,00 €	24/08/2017
61	C&D DISEÑO Y PUBLICIDAD DEZA S.L.	3.025,00 €	3.025,00 €	24/08/2017
20455	CITYLIFT S.A.,	168,19 €	168,19 €	24/08/2017

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

20412	CITYLIFT S.A.	93,47 €	93,47 €	24/08/2017
972017	CORAL POLIFÓNICA PADRONESA	265,00 €	265,00 €	24/08/2017
317/2017	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	847,00 €	847,00 €	24/08/2017
208-1-07/49	DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U.	5,95 €	5,95 €	24/08/2017
208-1-07/52	DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U.	11,90 €	11,90 €	24/08/2017
PD 5982	ESPINA Y DELFÍN S.L.	383,47 €	383,47 €	24/08/2017
39/17	FRANCISCO M. CERDEIRA CASTIÑEIRAS	242,00 €	212,00 €	24/08/2017
1221	HÉCTOR BERMÚDEZ TOUCEDA	363,00 €	363,00 €	24/08/2017
1220	HÉCTOR BERMÚDEZ TOUCEDA	181,50 €	181,50 €	24/08/2017
17/023	HICOFER S.L.	1.573,00 €	1.326,00 €	24/08/2017
A/120	INSAFER INSTALACIONES ELÉCTRICAS S.C.	1.505,74 €	1.505,74 €	24/08/2017
542	JOYERÍA JORGE CORTIÑASI	83,49 €	83,49 €	24/08/2017
P17 008161	LA VOZ DE GALICIA S.A.	1.210,00 €	1.210,00 €	24/08/2017
A252	LOGÍSTICA, GESTIÓN Y SERVICIOS PARA EVENTOS S.L.	457,38 €	457,38 €	24/08/2017
20	MUSICARTE REY SAAVEDRA S.C.,	2.450,00 €	2.450,00 €	24/08/2017
A/170672	OFIMÁTICA AROSA S.L.	367,84 €	367,84 €	24/08/2017
2017 00124	PIROTECNIA LÓPEZ S.L.	740,00 €	740,00 €	24/08/2017
A/224	PORTAL LITERARIO 2020 S.L.,	423,50 €	423,50 €	24/08/2017
A 108	RECURSOS GALICIA S.L.	1.300,00 €	1.300,00 €	24/08/2017
B 69	REDRUM PRODUCCIONES S.L.	1.095,99 €	1.095,99 €	24/08/2017
000793-17	REYGAR FONTANERÍA Y CALEFACCIÓN S.L.U.,	278,30 €	278,30 €	24/08/2017
000798-17	REYGAR, FONTANERÍA Y CALEFACCIÓN S.L.U.	744,15 €	744,15 €	24/08/2017
17-50	SEGADE SAELCO S.A.	2.044,90 €	2.044,90 €	24/08/2017
R170127	SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA S.L.	363,00 €	363,00 €	24/08/2017
60-G798-414316	TELFÓNICA DE ESPAÑA S.,A.U.	1.837,95 €	1.837,95 €	24/08/2017
2017.8050A/0951	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	3.630,00 €	3.630,00 €	24/08/2017
644	VÁZQUEZ S.C. INFANTILANDIA	1.320,00 €	1.320,00 €	24/08/2017
6003640	VESTA SUPPLIES S.L.	266,59 €	266,59 €	24/08/2017
20	WECOM CONSULTORA DE COMUNICACIÓN Y RELACIONES PÚBLICAS S.,L.	544,50 €	544,50 €	24/08/2017
18	WECOM CONSULTORA DE COMUNICACIÓN Y RELACIONES PÚBLICAS S.L.	1.028,50 €	1.028,50 €	24/08/2017
	TOTAL	56.611,41 €	56.261,93 €	

Segundo: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de agosto de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.3 ASUNTO: APROBACION DO GASTO E ORDENACION DO PAGO EN CONCEPTO DE GASTOS DERIVADOS DE SENTENCIA DA SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA SOBRE RECOÑECEMENTO DE DEREITOS E CANTIDADES A DONA MARÍA SILVIA CAROU BALADO.

EXPEDIENTE: 2017/G006/000251

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Visto que dona María Silvia Carou Balado presentou demanda contra o Concello de Padrón sobre equiparación do seu salario co resto do persoal con idéntica categoría e desempeño das mesmas funcións, sendo competente para o seu coñecemento e enxuciamiento o Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela.

Segundo: Vista a sentenza dictada en data 1/9/2016 polo Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela no procedemento ordinario 0000323/2014, pola que se estima a demanda interposta por dona María Silvia Carou Balado recoñecéndoselle a condición de traballadora de carácter indefinido non fixo así como o dereito a percibir as súas retribucións en idéntica contía que os restantes traballadores do Concello coa mesma categoría e se cifra, para o período comprendido entre marzo de 2013 e febreiro de 2014, na cantidade de 1.075,03 €, condenando á demandada a estar e pasar por tales pronunciamentos e a aboar á traballadora a cantidade de 1.526,04 €, polas diferenzas salariais correspondentes a dito período, así como as que se seguisen ou sigan devengando ata o abono das súas retribucións nos termos indicados

Terceiro: Visto que a mencionada sentenza foi recurrida por este Concello no recurso de suplicación 0000645/2017 presentado ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sendo a mesmo desestimado e mantendo na súa integridade a sentenza dictada polo Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela.

Cuarto: Visto que pola Tesoureira Municipal procedeuse a efectuar o cálculo das cantidades que lle corresponde percibir á mencionada traballadora, segundo se establece na sentenza ditada, en informe de data 9 de agosto de 2017 e correspondente ao período comprendido entre o mes de marzo de 2013 e o mes de xullo de 2017.

Quinto: Visto que segundo establece a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a desestimación de recurso conleva impoñer as costas do mesmo á parte recurrente a quen se condena ao abono da cantidade de 300,00 € en concepto de honorarios do letrado da parte actora impugnante do recurso segundo establece as costas do recurso á parte recurrente a quen se condena ao abono da suma de 300,00 € en concepto de honorarios do letrado da parte actora impugnante do recurso.

Sexto: Visto o informe expedido polo interventor accidental, de data 14 de agosto de 2017, sobre existencia de crédito no orzamento vixente, prorrogado para o 2017, para facer fronte aos gastos derivados da sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre recoñecemento de dereitos e cantidades a dona María Silvia Carou Balado e das costas xudiciais.

Fundamentos de dereito:

Único: Visto o artigo 173.1 do TRLFL que prevé esixibilidade das obrigas de pago para a facenda local derivadas de sentenza xudicial firme.

A Xunta de Goberno local ACORDA por unanimidade dos membros presentes:

Primeiro: Aprobar o gasto en concepto de diferenzas salariais de dona María Silvia Carou Balado, por un importe total de 6.773,10 €, de acordo co seguinte detalle:

Período dos meses de marzo de 2013 a febreiro de 2014: 1.526,04 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Período dos meses de marzo de 2014 a decembro de 2014: 1.271,70 €
Período dos meses de xaneiro de 2015 a decembro de 2015: 1.526,04 €
Período dos meses de xaneiro de 2016 a decembro de 2016: 1.541,28 €
Período dos meses de xaneiro de 2017 a xullo de 2017: 908,04 €.

Segundo: Proceder a actualizar as retribucións da mencionada traballadora, de acordo co ordenado na sentenza, a partir da nómina correspondente ao mes de agosto do 2017.

Terceiro: Aprobar o gasto en concepto de costas do recurso de suplicación 000645/2017 derivado do procedemento ordinario 0000323/2017 do Xulgado do Social nº 003 de Santiago de Compostela, por importe de 300,00 €, en concepto de honorarios do letrado da parte actora impugnante do recurso.

Cuarto: Ordenar o pago das mencionadas cantidades.

Quinto: Notificar o presente acordo a Intervención e Tesouraría municipais aos efectos oportunos.

Sexto: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.4 ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO AO TRABALLADOR DON J. JESÚS BLANCO CAJARAVILLE, PARA GASTOS REVISIÓN ITV VEHÍCULOS.
EXPEDIENTE: 2017/G006/000254

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a xustificación do pago a xustificar solicitado polo traballador municipal don J. Jesús Blanco Cajaraville, por importe de 70,00 €, para atender a gastos derivados da revisión da ITV dos vehículos matrícula 6479BCC e 97266VE aprobado por Resolución da Alcaldía nº 569/2017, de 16 de agosto e cuxa xustificación se presentou o 18 de agosto de 2017, con NRE 6754.

Segundo: Visto o informe de fiscalización da Intervención Municipal de data 21 de agosto de 2017.

Tercero. Considerando que se xustificou o pagamento das facturas xustificativas do devandito pago a xustificar.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que queda debidamente xustificada a aplicación dos fondos entregados en concepto de pago a xustificar, de conformidade co disposto na base nº 19 das de execución do orzamento en vigor.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno local ACORDA por unanimidade dos membros presentes:

PRIMEIRO: Aprobala xustificación rendida do pago a xustificar concedido ao traballador municipal don J. Jesús Blanco Cajaraville, aprobado por Resolución da Alcaldía nº 569/2017 de 16 de agosto, para atender a gastos derivados da revisión da ITV dos vehículos matrícula 6479BCC E 97266VE, por importe de 69,22 €, procedendo á devolución da cantidade de 0,78 €, segundo o seguinte detalle:

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de agosto de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

FACTURA Nº	PROVEDOR	IMPORTE
362417FC0000216	SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.	34,61 €
362417FC0000215	SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.	34,61 €
TOTAL		69,22 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.5 ASUNTO: PAGO A XUSTIFICAR SOLICITADO POLA TRABALLADORA SOCIAL DONA Mª DOLORES QUINTÁNS LONGUEIRA, SENDO A HABILITADA PERCEPTORA DOS FONDOS A TÉCNICA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR DONA JULIA BLANCO FERNÁNDEZ, PARA CUBRIR NECESIDADES BÁSICAS E URXENTES DAS UNIDADES FAMILIARES QUE POLA SÚA PRECARIIDADE ECONÓMICA O POIDAN PRECISAR

EXPEDIENTE: 2017/G006/000247

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a solicitude de pago a xustificar presentada en data 17 de agosto de 2017 pola traballadora social dona María Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a técnica de intervención familiar dona Julia Blanco Fernández, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar, dentro do programa de inserción social 2017 (axudas de emerxencia social), por importe de 200,00 €.

Segundo: Visto o informe da Intervención Municipal de 17 de agosto de de 2017.

Fundamentos de Dereito :

Primeiro: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Vistas as Bases de execución do orzamento vixente número 19 e 43.

A Xunta de Goberno local ACORDA por unanimidade dos membros presentes:

PRIMEIRO: Aprobar a autorización e disposición do gasto de 200,00 euros para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar, recoñecer a obriga correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 2311/480.01 do orzamento vixente a favor da habilitada perceptora dos fondos, dona Julia Blanco Fernández, sen prexuízo da súa necesaria e correcta xustificación posterior nun prazo máximo de tres meses e expedir e executar a correspondente orde de pago a xustificar.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Por parte das señoras concelleiras e dos señores concelleiros asistentes á sesión non se formula rogo nin pregunta algunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos, da que se estende a presente acta, de que, como secretario, certifico.

O alcalde en funcións

O secretario acumulado

José Ramón Pardo Andrade

Adrián J. Márquez Caramés

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de agosto de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.